

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA PARA O ESTABLECIMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN VALENCIA, VENEZUELA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o establecemento dun punto de información e asesoramento nas instalacións da Hermandad Gallega de Valencia (Venezuela).

O punto de información e asesoramento ten como finalidade realizar actividades de información, difusión, asesoramento e colaboración na xestión dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente as de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro. Está rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galegitude e ten, entre outros fins, o acollemento das persoas emigrantes galegas residentes na súa área xeográfica así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia neste estado; na actualidade agrupa a máis de mil douscentos emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia.

En Valencia reside unha importante colonia galega que constitúe un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración. Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a este colectivo para que coñeza o contido destas accións, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado o actual contexto económico que se vive no país, o que fai que moitas das persoas que o integran se atopen en situación de carencia e que por descoñecemento non soliciten participar nos ditos programas.

A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de



información en Valencia para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que executa, co obxecto de que poidan participar nas súas convocatorias, e que ademais contribúa na tramitación das solicitudes das persoas interesadas. A Hermandad Gallega de Valencia está disposta a realizar ese labor e conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información en beneficio da colectividade.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Valencia, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de sete mil euros (7.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

